



Concello de Vigo

YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 25 de maio de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

2.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA CONCELEIRA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN E XESTIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 601/1102.

Dáse conta da proposta de data 16/05/2023, asinada pola secretaria de Admón. Municipal, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo alcalde, que di o seguinte:

A Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, dispón no seu artigo 4.2 que corresponderá aos responsables de operación iniciar o procedemento de análise ex ante de risco de conflito de interese, con carácter previo á valoración das ofertas ou solicitudes en cada procedemento, nos termos definidos nesta orde. Conforme dito artigo “ *Considérase responsable da operación ao órgano de contratación ou ao órgano competente para a concesión da subvención. No caso dos órganos colexiados que realicen as funcións anteriores, a súa representación rexerase polo artigo 19 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.* ”

O artigo 19 Lei 40/2015 regula especificamente o réxime dos órganos colexiados da AGE e Entidades dependentes desta, polo que non resulta de aplicación aos órganos colexiados das Entidades que integran a Administración Local (disposición vixésimo primeira). Nos municipios de gran poboación resulta de aplicación aplica o Título X Lei 7/1985, 2 de abril, de bases de réxime local (LRBRL), o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local conforme ao previsto en DA 2ª.11 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

E por isto que por razóns de eficacia na xestión administrativa, e sen prexuízo das delegacións que en materia da contratación acordou a Xunta de Goberno en data 20.06.2019 e posterior de data 4.07.2019, 11.07.2019 e 5.09.2019, 22.04.2021, 21.06.2021,10.03.2022 , 8.09.2022 e 2.02.2023, propónse á Xunta de Goberno Local ao abeiro do artigo 127.2 da LRBRL a adopción do seguinte acordo

Primeiro.- Delegar na Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal a competencia para actuar en representación da Xunta de Goberno Local intervindo como responsable de operación na análise *ex ante* de risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.

Segundo.- Notificar a presente resolución ás concelleiras afectadas e demais concelleiros e concelleiras delegados de área, para o seu coñecemento e efectos.

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/05/2023 08:26	Páxina 1 de 2
601-1102	CSV: A4A72A-533H35-C3E732-MQVMWG-VZERZQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/05/2023 08:26	Páxina 2 de 2
601-1102	CSV: A4A72A-533H35-C3E732-MQVMWG-VZERZQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		